



Ref.: OT-21-064
Asunto: PRIMEIRA REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA 2021-2040
Promotor: CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL
Trámite: Informe sobre o procedemento de tramitación a seguir segundo á Lei 1/2021, do 18 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia

En data 7 de abril de 2021, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite a seguinte documentación relativa ao documento sinalado, aos efectos de continuar a súa tramitación:

- Estudo Ambiental Estratéxico (EAE) definitivo e planimetría.
- Versión final da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade climática".
- Informe de participación pública e trámite de consultas, no que se describe o resultado das achegas recibidas nos referidos trámites.

Analizada a documentación achegada e, vista a proposta da Subdirección xeral de Ordenación do Territorio, emítase o seguinte informe sobre a *Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040*:

1. ANTECEDENTES

1.1. No ano 1992 aprobouse o Plan forestal de Galicia (PFG), instrumento que, de conformidade co previsto no artigo 72 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, estableceu as liñas de acción da política forestal galega así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento. Segundo a referida normativa autonómica, son instrumentos de planificación forestal o Plan Forestal de Galicia (PFG) e os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF).

Segundo o previsto no número 2 do citado artigo 72, o Plan Forestal de Galicia terá a consideración dun programa coordinado de actuación, ao abeiro do disposto nos artigos 16 e seguintes da *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, e a súa aprobación e, no seu caso, modificación e revisión, axustarase ao procedemento previsto no artigo 21 da dita lei, actualmente derogada e substituída pola *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, sen prexuízo do previsto no seu réxime transitorio para os procedementos en tramitación.

En consecuencia, o PFG ten a consideración dun instrumento de ordenación do territorio no seu ámbito territorial de competencia, isto é, un instrumento de ordenación do territorio forestal. Non obstante, o PFG defínese estritamente como instrumento básico de planificación estratéxica da política forestal galega, polo que non adoptará decisións relacionadas directamente coa ordenación do réxime de usos do solo forestal, nin tampouco coa ordenación e xestión territorial dos recursos forestais, sendo a dita territorialización desenvolvida a través dos PORF.

1.2. O 09/06/2016 o Consello da Xunta acordou iniciar a formulación e a aprobación da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 (DOG do 23/06/2016).





1.3. O 31/10/2016 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou o Documento de alcance (dispoñible en https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental?content= SX_Calidade_Avaliacion_Ambiental/AAE/Avaliacion_ambiental_estratexica.html).

1.4. O 27/06/2018 a Consellería de Medio Rural emitiu a Orde de aprobación inicial e apertura do trámite de información pública e audiencia aos concellos, entidades, corporacións e organismos públicos do instrumento sinalado e do seu estudo ambiental estratéxico polo prazo de 3 meses (DOG do 05/07/2018 e do 06/07/2018; e BOE núm. 162, do 5 de xullo 2018).

1.5. O 19/10/2018 esta dirección xeral emitiu o informe no trámite de audiencia previsto no artigo 21.1.d) da Lei 10/1995, do 23 de novembro, sobre o documento "Anexo actuacións PFG" remitido o 09/07/2018, no que sinalou unha serie de cuestións para corrixir na medida VI.1.2 relativa ao alcance dos Plans de ordenación dos recursos forestais (PORF), cuestións que constan integradas no documento agora remitido.

1.6. O 7/04/2021, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite o documento sinalado, aos efectos de continuar a súa tramitación, manifestando a mesma documentación tamén foi enviada á Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en aplicación da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1. O 14/02/2021 entrou en vigor a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, que derogou a *Lei 10/1995, do 23 de novembro*, (ao abeiro da cal comezou a tramitarse o presente expediente), e que contempla na súa disposición transitoria primeira, relativa ao réxime transitorio dos procedementos, que "os procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio nos que se formulase o informe ambiental estratéxico antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva conforme o disposto na *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, e no *Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal*."

A referencia ao momento da formulación do informe ambiental estratéxico, debe entenderse efectuada respecto daqueles procedementos sometidos a avaliación ambiental estratéxica simplificada, nos que se emite ese documento ambiental con carácter previo á aprobación inicial do instrumento de que se trate; pero no presente expediente de tramitación da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia, sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, se ben aínda non foi emitida a declaración ambiental estratéxica, o documento xa foi obxecto de acordo de aprobación inicial en data 27/06/2018, mediante Orde da Consellería de Medio Rural, polo que pode entenderse acadado o fito procedimental que resultaría equiparable no suposto dos procedementos de tramitación de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, aos efectos de determinar o réxime transitorio do procedemento.

En todo caso, á vista da regulación contemplada na referida disposición transitoria, nada obsta a continuación da tramitación do procedemento ao abeiro do previsto no artigo 54 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, no que se regula o procedemento de tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio que se someten a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, sen prexuízo da conservación de todos os trámites xa cumprimentados e contemplados no referido





artigo, polo que os trámites a completar serían os indicados nos números 6 e seguintes do artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

2.2. Unha vez modificado o documento e subsanadas as cuestións sinaladas neste informe, e finalizada a tramitación ambiental, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, remitirase de novo a esta dirección xeral para a emisión do seu informe preceptivo, previo á aprobación provisional.

3. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA

3.1. O PFG é o instrumento básico de planificación estratéxica da política forestal galega, no que se avalía a situación do monte galego e se establecen as directrices e programas de actuación da política forestal de Galicia, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento: trátase dun plan director que establece os obxectivos, modelos, directrices, estratexias, plans ou programas, medidas e accións configurados conforme aos eixos de intervención, instrumentos de execución e programas de actuación que se consideran necesarios para o seu desenvolvemento e aplicación en cumprimento dos seus fins.

A finalidade da 1ª Revisión do PFG, como instrumento de planificación estratéxica para o deseño e execución política forestal galega, é o seu deseño e configuración para proceder ao seu desenvolvemento adecuado de acordo coas características propias do monte galego e coas circunstancias e necesidades actuais, para poder responder ás demandas e tendencias emerxentes a nivel internacional, nacional e rexional, proporcionando para iso os instrumentos, medios e recursos necesarios para a súa execución e o cumprimento dos seus fins, ao obxecto de aproveitar as oportunidades que se presentan e alcanzar os retos de futuro que se propoñan para iso.

3.2. O ámbito competencial de aplicación da 1ª Revisión do PFG circunscríbese aos terreos que posúan a natureza legal de monte ou terreo forestal consonte a lexislación vixente, e ao aproveitamento, uso e xestión dos recursos e servizos forestais que se desenvolvan en ditos terreos.

O ámbito territorial de aplicación da 1ª Revisión do PFG está constituído polo conxunto do territorio forestal galego, cun carácter sectorial en materia de política forestal. Trátase dun plan director estratéxico para o deseño e execución da política forestal galega, que contempla disposicións de carácter netamente indicativo que carece de determinacións directas sobre a ordenación do réxime de usos do solo forestal, finalidade que se atribúe á figura legal de Plan de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) concibido para un ámbito supramunicipal, a nivel de comarca ou distrito forestal.

3.3. No apartado VI.1.2, relativo ao desenvolvemento do PFG a través dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), regúlanse as cuestións relativas ao contido mínimo, alcance, vinculación e rango xerárquico para o desenvolvemento dos ditos instrumentos.

A normativa autonómica en materia de montes establece que a Administración forestal elaborará os PORF como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou





paisaxísticas homoxéneas, de forma que serán aplicables, preferentemente, no ámbito territorial dos 19 Distritos Forestais articulados en Galicia, durante o período comprendido entre os anos 2025-2030.

Os distritos ou comarcas forestais poderían clasificarse en tres categorías principais:

- *Eixo Atlántico: comarcas periurbanas, baixo a influencia dos mercados de traballo das cidades e zonas urbanas.*

- *As comarcas do interior de Galicia, caracterizadas en xeral por unha base agraria de certa solidez e/ou a proximidade a cidades e cabeceiras comarcais cun importante poder de atracción.*

- *As zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense e Dorsal Galega. Localizadas lonxe dos principais núcleos urbanos é onde se producen os procesos de despoboamento máis avanzados e dificilmente reversibles, asociados á extrema debilidade da súa base económico-productiva.*

Segundo se sinala no PFG, os PORF, considerados instrumentos de ordenación do territorio forestal, estarán subordinados ás Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, así como aos plans territoriais integrados e programas coordinados de actuación que lles afecten, tendo para estes efectos a consideración de Plans de Ordenación do Medio Físico de aplicación ao solo forestal (terreo forestal que teña a condición legal de monte conforme á lei galega de montes). Así mesmo, durante a súa elaboración deberán ter en conta todas as afeccións sectoriais de aplicación.

Pero a referida regulación prevista no PFG, non ten en conta a recente entrada en vigor da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que eliminou as figuras contempladas na lexislación anterior e ás que se fai referencia no PFG: os Plans de Ordenación do Medio Físico e o Programas Coordinados de Actuación. En consecuencia, deberán eliminarse as referencias aos Programas coordinados de actuación e aos Plans de ordenación do medio físico respecto do seu alcance e do alcance dos PORF respectivamente.

A tal efecto, de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, relativa aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, plans de ordenación do medio físico e programas coordinados de actuación:

1. As referencias e as remisións da lexislación e dos instrumentos de ordenación do territorio aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e aos plans de ordenación do medio físico previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán considerarse realizadas, respectivamente, aos proxectos de interese autonómico e aos plans territoriais especiais definidos nesta lei.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos para os que as Directrices de ordenación do territorio remiten a súa ordenación aos denominados plans de ordenación do medio físico ou aos programas coordinados de actuación na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán ser desenvoltos polas figuras de ordenación establecidas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou na materia sectorial relacionada co ámbito afectado, ou ben a través dun plan territorial integrado, dun plan sectorial ou dun plan territorial especial, segundo os seus obxectivos concretos."





En atención á referida disposición, **cómpre modificar as referencias contempladas no PFG, na medida en que deberá sinalarse que os PORF, terán, de ser o caso, a consideración de Plans Territoriais Especiais** dos regulados nos artigos 32 e seguintes da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro*, sen prexuízo da súa consideración como figuras de ordenación sectoriais previstas na lexislación vixente en materia forestal, e coa natureza específica de instrumentos de planificación forestal nos termos previstos no artigo 71 en relación cos artigos 74 e seguintes da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*.

No caso de configurarse finalmente como Plans Territoriais Especiais, de conformidade co disposto no artigo 34 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro*, as súas determinacións terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade, polo que expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 20 da dita lei:

a) Determinacións de aplicación directa, que serán inmediatamente aplicables aos terreos sobre os que incidan e que, como determinacións de ordenación territorial, prevalecerán sobre as previsións contrarias do planeamento municipal.

b) Determinacións vinculantes para o planeamento, que non terán aplicación directa e inmediata, pero obrigan a aterse ao seu contido ao elaborar, aprobar e modificar a planificación urbanística local, ben sexa cando se decida levala a cabo, ben sexa no prazo previsto na propia determinación.

c) Determinacións orientativas, que constituirán criterios, directrices e guías de actuación de carácter non vinculante, informadores das pautas que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia considera adecuadas para a actuación territorial dos poderes públicos.

En consecuencia, deberá eliminarse o parágrafo “en canto ao seu grao de vinculación, os PORF terán carácter complementario e supletorio respecto aos instrumentos de ordenación do territorio e de plan urbanístico que afecten ao seu ámbito de aplicación, é dicir que se aplicarán subsidiariamente no que non dispoñan os instrumentos de planificación territorial e urbanística en materia de solo forestal, aparte de ter carácter indicativo respecto outros plans sectoriais, conforme ao disposto respecto diso no artigo 74 da vixente lei de montes galega”.

Cando os plans territoriais conteñan determinacións de aplicación directa ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o seu decreto de aprobación definitiva precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as súas determinacións prevalecerán sobre as previsións do planeamento ou o momento ou os prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións. Para tal efecto, os plans territoriais poderán establecer a clasificación e a categorización do solo dos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 20 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro*, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.





3.5. No que atinxe á clasificación e categorización do solo, nomeadamente do solo rústico de especial protección, deberán terse en conta as seguintes determinacións:

- O solo rústico de protección agropecuaria e forestal, de conformidade co disposto nas letras a) e b) do número 2 do artigo 34 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, (na súa redacción dada pola *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021, en vigor dende o 22 de maio):

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que exerza a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Para os efectos do previsto nesta letra, non se entenderán incluídos os terreos que formen parte de procesos de concentración ou reestruturación parcelaria que teñan natureza forestal.

b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que exerza a competencia sectorial en materia forestal.

- Pola súa banda, a citada *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, regula a figura do Catálogo de solos agropecuarios e forestais, como o instrumento marco para a ordenación dos usos do territorio rural: será o instrumento de delimitación recollido nas letras a) e b) do artigo 34.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, no referente aos solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal, que unha vez delimitados polo catálogo (e catálogos parciais) adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección agropecuaria ou forestal, respectivamente, en función da cualificación da que formen parte no dito catálogo, de acordo co disposto no dito artigo 34.2 da LSG.

- Segundo o artigo 32 da *Lei 11/2021, do 14 de maio*, os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico, así como os plans derivados de políticas sectoriais que teñan incidencia no territorio, deberán ter en conta as determinacións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais e dos catálogos parciais, resultando directamente vinculante o contido dos catálogos desde a súa entrada en vigor e prevalecerá sobre a información que, sobre o solo rústico, se reflicte nos planos que integran a cartografía do Plan básico autonómico de Galicia, así como tamén sobre calquera instrumento de planeamento urbanístico vixente.

O PFG contempla que *“os terreos de alto valor forestal declarados de Alta Produtividade Forestal nun PORF, serán incluídos de oficio no Catálogo de Solos Rústicos de Protección Forestal, conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cuxo uso forestal produtivo en principio será prevalente sobre outros usos do solo”*, o que deberá analizarse no marco da nova regulación que se contén na Lei 11/2021, do 14 de maio, antes sinalada.





4. CONCLUSIÓNS

4.1. Unha vez modificado o documento e subsanadas as cuestións sinaladas neste informe, e finalizada a tramitación ambiental, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, remitirase para informe preceptivo deste centro directivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, con carácter previo á aprobación provisional do instrumento pola persoa titular da consellaría competente para a tramitación do procedemento.

4.2. De conformidade co disposto no artigo 61 da antedita *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, logo da súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, deberá remitirse a este centro directivo un exemplar en soporte dixital do documento debidamente dilixenciado, facendo constar expresamente a súa aprobación, para proceder á súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

4.3. Unha vez inscrito e para a súa entrada en vigor, de conformidade co artigo 60 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, no prazo de un mes dende a aprobación definitiva do proxecto sectorial deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia o acordo de aprobación definitiva e as súas disposicións normativas, así como a dirección electrónica na que poderá consultarse o contido íntegro do instrumento e os extremos esixidos pola normativa en materia de avaliación ambiental.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
M^a Encarnación Rivas Díaz

